



## Concello de Gondomar

---

### INFORME TÉCNICO.

1. Asunto: Plan de Mobilidade Sustentable. Contratación. Valoración de propostas
2. Expediente: 420/2018
3. Solicitante: Concello de Gondomar
4. Situación: Municipio de Gondomar
5. Informe:

O obxecto do presente informe é valorar as propostas técnicas presentadas polos licitadores no que se refire aos criterios sometidos a un xuízo de valor.

A proposta a presentar polos licitadores era a seguinte, segundo o prego:

- **Proposta técnica**, debidamente datada e asinada polo licitador que incluírá:
  - Memoria que conteña a finalidade e obxectivos do documento que se redacta.
  - Metodoloxía do traballo a elaborar que inclúa os seguintes aspectos:
    - Índice proposto para o desenvolvemento do documento.
    - Organización material dos traballos: medios técnicos.
    - Manexo da información existente.
    - Cantidade e calidade dos traballos de campo.
  - Diagnóstico sintético da situación actual da mobilidade no Concello de Gondomar.
  - Liñas mestras a desenvolver, a modo de avance, no Plan de Mobilidade Sustentable.

Esta proposta técnica servirá de base para valorar este criterio de adxudicación ata un máximo de **20 puntos** da seguinte maneira:

- Memoria, na que se valorará, con un máximo de **6 puntos**, a exposición clara e concisa da finalidade e obxectivos do documento que se redacta.
- Metodoloxía do traballo a elaborar, onde se valorará con un máximo de **6 puntos**, os seguintes aspectos: índice proposto para o desenvolvemento do documento, organización material dos traballos e medios técnicos, manexo da información existente, cantidade e calidade dos traballos de campo.
- Diagnóstico sintético da situación actual da mobilidade no municipio, con un máximo de **4 puntos**.
- Liñas mestras a desenvolver, a modo de avance, no Plan de Mobilidade Sustentable, adecuadas á realidade territorial do municipio e de acordo co prego de prescricións técnicas. Con un máximo de **4 puntos**.

Tendo en conta estes criterios estudáronse e analizáronse as propostas presentadas polos licitadores. Hai que ter en conta que non se valora a oferta do equipo de Angel Santorio xa que inclúe na proposición técnica aspectos das melloras que corresponderían aos criterios obxectivos do SOBRE 2, polo que se propón á mesa de contratación a exclusión de dita oferta. Do resultado dese traballo despréndense as seguintes conclusións en relación a cada un dos aspectos a valorar, MEMORIA, METODOLOXÍA, DIAGNÓSTICO E LIÑAS MESTRAS:

---

### Concello de Gondomar



## Concello de Gondomar

---

### MEMORIA

En relación a este punto non existen grandes diferencias entre as propostas presentadas xa que a maior parte delas limitáanse a reproducir ou inspíranse na literatura sobre o tema que se desprende da Estratexia de Mobilidade Sostible de 2009, a Guía dos plans de mobilidade sostible (elaborado polos ministerios correspondentes do Estado español) e as prescricións técnicas dos Plans de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS<sup>1</sup>). So a de GAU anota un valor especial engadido, a nivel conceptual, con respecto ás outras propostas no sentido de falar de “accesibilidade” no canto de “mobilidade” xa que o obxectivo non é facilitar o transporte sen máis senón facilitar o acceso ao lugares ou servizos da forma máis sostible posible. Esta idea preside os obxectivos a acadar e impregna toda a metodoloxía deste licitador exposto de forma brillante no punto seguinte a valorar.

En función disto como se pode comprobar no cadro de puntuacións achegado valóranse tódalas ofertas en 2 ou 2,5 puntos sobre 6, excepto a de GAU que acadaría o nivel de 3 puntos sobre 6 pola anotación da idea expresada anteriormente que define de forma clara e concisa e finalidade e obxectivos dun PMUS que se desenvolve de forma sobresaínte no apartado de metodoloxía.

### METODOLOXÍA.

Neste punto destaca de forma sobresaínte GAU xa que desenvolve as fases do traballo cunha metodoloxía seria, estruturada e moi completa, tomando como base o prego de prescricións técnicas da deputación ao cal haberá que dar cumprimento na execución do contrato. O traballo de GAU non so se limita a reproducir o prego antedito e aspectos da literatura sobre o tema senón que diseña propostas concretas e axeitadas para realizar o PMUS en relación ás estratexias a seguir, propostas de escenarios e deseño de medidas tendo en conta tamén a súa implementación. Ten en conta o tema da participación cidadá como eixo transversal de todo o proceso imbricado en todo PMUS e moi relacionado coa toma de datos para chegar a un diagnóstico axeitado da situación actual, sen esquecer a participación en tódalas fases do proceso. Existen propostas concretas e axeitadas de toma de datos, planificación, selección e realización das enquisas así como talleres sectoriais para garantir a concertación do proceso. Esta metodoloxía de traballo proposto realízase cunha boa organización material dos traballos e medios técnicos e un bo manexo da información existente. Por todo isto puntúase 5 sobre 6 este criterio.

A continuación situaríanse un segundo grupo de licitadores que presentan unha metodoloxía correcta, inspirada no prego e na literatura do tema, pero que non acadan os niveis do licitador anterior, tanto por estrutura como por desenvolvemento e propostas concretas. As puntuacións deste grupo son as

---

<sup>1</sup>*Un Plan de Movilidad Urbana Sostenible, PMUS, es un conjunto de actuaciones que tienen como objetivo la implantación de formas de desplazamiento más sostenibles (caminar, bicicleta y transporte público) dentro de una ciudad; es decir, de modos de transporte que hagan compatibles crecimiento económico, cohesión social y defensa del medio ambiente, garantizando, de esta forma, una mejor calidad de vida para los ciudadanos.*

Definición recollida na: “Guía práctica para la elaboración i implantación de Planes de Movilidad Urbana Sostenible. Publicación de varios ministerios.



## Concello de Gondomar

---

seguintes, estando en primeiro lugar EPTISA sendo o licitador que oferta modelos de enquisas e toma de datos con maior nivel de concreción co resto do grupo, así como aproximación a diversas medidas e estratexias concretas relativas ao PMUS de forma máis axeitada. As puntuacións serían as recollidas no cadro adxunto dende 4 a 3 sobre 6.

Por último teríamos dous licitadores “Hécate ingeniería” e “Estudio MC” que presentan, en comparación cos outros licitadores, propostas moi pouco desenvoltas, cunha metodoloxía moi xenérica e pouco adaptada ao traballo concreto polo que non merecen chegar ao aprobado neste criterio concreto, propondo unha puntuación de 2,5 e 1,5 respectivamente sobre 6.

### DIAGNÓSTICO E LIÑAS MESTRAS

Estes dous últimos criterios de valoración refírense ao diagnóstico da situación actual da mobilidade no municipio de Gondomar e as estratexias a desenvolver adecuadas á realidade territorial do mesma. E dicir deberían estar centradas e adaptadas ao caso concreto de Gondomar e as súas circunstancias concretas. Neste sentido a única oferta que acada un nivel óptimo e notable é a de GAU xa que demostra un estudo previa da situación da mobilidade en Gondomar cunha análise previo da mesma no municipio apoiada en esquemas, cartografía e fotografías onde se pon de manifesto a problemática existente entre o tráfico peonil e rodado e se deseñan liñas mestras adaptadas á realidade territorial do municipio con accións destinadas a primar o tráfico peonil e ciclista e outras medidas de mobilidade sostible, fronte a mobilidade motorizada co obxectivo de acadar unha accesibilidade axeitada. Proponse unha puntuación de 3 sobre 4 en cada un dos dous criterios.

As propostas dos outros licitadores son moi inferiores á de GAU xa que se limitan a incluír xeneralidades sobre o municipio e liñas mestras derivadas da literatura sobre o tema sen acadar o grado de concreción necesario adaptado á realidade territorial de Gondomar e ao obxecto do traballo que se pretende. A única que se aproxima ao aprobado sería a de SERYE que demostra un mínimo coñecemento da realidade territorial do municipio, xunto con EPTISA no que se refire ao diagnóstico. Por iso estas empresas acadan a puntuación de 1,5 e 2 sobre 4 no caso de SERYE, e 1,5 sobre 4 no diagnóstico para EPTISA. Para o resto dos licitadores proponse 1 punto sobre 4 nos dous criterios.

A puntuación final, como se observa no cadro achegado, reflicte numericamente ou cuantifica tódalas observacións e xuízos de valor argumentados anteriormente. Valórase ao licitador GAU cunha puntuación de 14 sobre 20 que en términos clásicos sería un notable e o resto dos licitadores non chegan a acadar o aprobado que estaría en 10 puntos sobre 20, sendo as que máis se aproximan EPTISA e SERYE con 8,5 puntos sobre

---

## Concello de Gondomar



## **Concello de Gondomar**

---

20.

Gondomar.

Arquitecto municipal.

Documento asinado electronicamente ao marxe.